*As irmás Mirabal creceron nun fogar rural acomodado da Sección Ojo de Agua do Municipio de Salcedo (hoxe Provincia). Estudaron como internas no prestixioso Colexio Inmaculada Concepción de La Vega, dirixido por monxas españolas da Orde Terciarias Franciscanas de Jesús e María onde, tanto Minerva como María Teresa, destacaron pola súa intelixencia e interés no estudo. Cando Trujillo chegou ao poder, a súa familia perdeu casi toda a súa fortuna. As Mirabal crían que Trujillo levaría ao país ao caos económico e formaron un grupo de oposición ao réxime, coñecido como a Agrupación Política 14 de junio. Dentro de este grupo eran coñecidas como «Las Mariposas». Foron encarceradas e torturadas en varias ocasións. A pesares destas situacions, continuaron na súa loita por acabar coa ditadura. Despois de varios encarceramentos, Trujillo decideu terminar coas irmáss. O 25 de noviembre de 1960, enviou homes a interceptar ás tres mulleres despois de visitar aos seus maridos en prisión. As irmás, totalmente desarmadas, foron levadas a unhas plantacions de cana, e logo apuñaladas e estranguladas.*
*Trujillo creu no momento que eliminara un gran problema. Pero este asasinato tivo gran repercusión na República Dominicana e provocou que o pobo dominicano se mostrara cada vez máis proclive a apoiar ás Mirabal e aos seus ideais. Esta reacción contribuiu a espertar conciencia no público e eventualmente culminou co asasinato de Trujillo en maio de 1961.*
*As Mirabal están enterradas en Ojo de Agua, nas aforas da cidade de Salcedo, na provincia do mesmo nomre na República Dominicana. O lugarconverteuse nun museo na súa honra e está abierto ao público.*

## AS BOLBORETAS

RUBÉN - 6º A








## CARTA ÁS IRMÁS MIRABAL

O outro día contoume a miña mestra o sacrificio que fixéchedes loitando pola liberdade política.



O que máis me impresionou foi que as tres loitastes contra a tiranía dun ditador, aínda que sabiades que logo iades morrer asasinadas.

Foi un bo exemplo para todos porque vos demostrastes que é millor morrer libre que vivir escravizadas.

**PABLO - 6º B**




**IRIA - 6º A**




**BELÉN - 6º A**




**ANA - 6º A**




**MELISA - 6º B**









# VELÁZQUEZ

MAITE e LORENA - 6º B




ANDRÉS - 6º A








*A VENUS DO ESPELLO*



ALEXANDRA e PATRICIA - 6º A



ANA e MANUEL I. - 6º A

*O PRÍNCIPE BALTASAR CARLOS CAZADOR*



MELISA e PABLO - 6º B

*A INFANTA DONA MARGARITA DE AUSTRIA*

*O CONDE DUQUE DE OLIVARES*



IRIA e RUBÉN - 6º A







ELISA - 6º B

*RETRATO DE FRANCISCO PACHECO, mestre e sogro de Velázquez*

# VISITOUNOS ANXO FARIÑA

***O Equipo de Biblioteca do Centro, en colaboración co Consorcio Editorial Galego organizou esta actividade na que o autor e ilustrador Anxo Fariña nos explicou como é a profesión de debuxante, ensinounos os seus debuxos, contounos contos e debuxou para nós. Pasámolo fenomenal.***




*Anxo Fariña Temprano (Vigo 1977).*
*Ilustrador, deseñador, e autor de libros. Recoñecido autor infantil e xuvenil en Galiza. Ten publicadas coleccións para nenos e nenas como: «Don Quixote e Breogán» composta de seis títulos diferentes. «Antón e Pompón» composta de dez títulos. Publicadas en A Nosa Terra. Tamén ten outro libros como «Os magos das formas», «Xabi non pode durmir»... Destaca a súa utilización da cor, e un estilo de debuxo áxil e sinxelo que fai as delicias dos cativos. Nas súas historias mezclase o humor a aventura, sen descoidar a incidencia en temas como a solidariedade, a amizade, a violencia de xénero... Este autor sempre procura nos seus libros unhas segunda lectura didáctica.*
*Tamén é ilustrador para outro tipo de libros adicados a todo tipo de público.*

*De «http://gl.wikipedia.org/wiki/Anxo_Fari%C3%B1a»*





















Hoxe 21 de decembro veu ao colexio Anxo Fariña que é debuxante e escritor. 1º ensinounos os seus libros de tódalas idades. 2º fixemos un conto. Escolleu a un neno da miña clase, debuxouno e foille engadindo cousas como: rabo, cornos, ás, plataformas... Despois colleu a Beni e tamén a debuxou engadíndolle cousas. Inventamos un conto que ocorreu no futuro no colexio. No cole empeza a chover dentro del. Os profes chaman a un bruxo que para remedialo lles da un libro que temos que ter agachado. Agaráchorono na biblioteca e mandaron a vixiala a Manuel, como non estudiaba moito se a vixiaba aprobaríanlle algunhas asignaturas. Na 2º noite empezan a caer algúns libors. Manuel chama á súa vella amiga Beni que estudia nun colexio de bruxas. Na 3ª noite Beni descubre a un diaño de tipo B. O diaño era invisible pero como o libro non o era o diaño botou a voar. Beni foi detras del. Manuel con moito medo e esforso conseguiu voar. Grazas a Manueliña, a pelota con vida de Manuel, recuperan o libro.

Cando acabamos o conto fixémoslle algunhas preguntas sobre os seus contos e despedímonos.

**IRIA - 6º A**








# NO NADAL...

Equipo de Medio Ambiente

***O Equipo de Medio Ambiente organizou actividades para lembrar que, tamén no Nadal, é importante coidar o Medio Ambiente. Editaron un tríptico informativo que se enviou ás familias.***




NORMALIZACIÓN
CEIP de Palmeira



***Participamos no Concurso de Debuxo e Texto organizado polo Equipo de Normalización Lingüística. Cos traballos gañadores imprimiuse a tarxeta coa que felicitamos a toda a Comunidade Escolar.***



RUBÉN - 4 anos



ANTÍA - 4 anos




CLARA - 6º B



*Os personaxes dos cómics saíron da Biblioteca para visitar o Belén.*











*Visitounos Papá Noel.*











***Escribemos cartas aos Reis Magos.***



Queridos Reis Magos:
Chámome Beni N. R.
Este ano porteime ben e quero que me traiades unhas cousas que nunca pedín: camións e camións de paz, explosións e explosións de compañeirismo, armonía, solidaridade e outras cousas que fan falta. Sacos, sacos, sacos de amor e ledicia. Quero que todo o mundo sexa feliz e que todos compartamos o que temos e que todo o mundo saiba repartir, colaborar. Tamén quero que a xente, cando teña problemas, que dialogue e que non pegue, que haxa respecto entre todos.
Xa non vos pido máis pero quero que todo o mundo mellore.

Firmado: 

# A PINTURA DE CASTELAO



SARA - 6º B







ARIADNA - 6º A

***Polifacético novelista, debuxante, caricaturista, pintor, teórico da arte e político, sempre reflexou na súa obra o seu compromiso co galeguismo e co mundo.***
***Os seus debuxos, complementados con agudos textos, amosan a Galiza rural, o caciquismo, os pobres, os cegos, os desamparados, o pobo que sofre, desde unha visión realista crítica pero humorística.***



«O neno das piñas»



CLARA - 6º B


MAITE e PABLO - 6º B

«Parella de nenos baixo árbore»



«Moza con cabuxa»


DANIEL e SERGIO - 6º B

Equipo de Medio Ambiente

# CANTIGAS SOBRE O MAR




ARIADNA - 6º A

*Entre todos recopilamos e aprendemos cantigas relacionadas co mar.*

ALEXANDRE, CRISTIAN e MARIÑA - 6º B




Tomi López Serrano

ANDRÉS, IRIA e JUAN- 6º A



*Tamén nós sabemos escribir poesías sobre o mar.*



PEDRO - 5º B



LARA - 5º B



SARA - 5º B

Esta mañá
o noso Francisco
quixo ir pescar o marisco.
Pescou e pescou
e nunca se fartou.

MARCOS - 5º B

## O MAR

Que bonito é o mar!
Tranquilo e fresco está,
con moitos animais que observar.
Ás veces verde, ás veces azul,
da igual como está,
sempre che sorprenderá.
Cando vou pescar,
collo fanecas e calamar.
Que bos están!
Hai tantos que non sabería nomear:
tiburóns, baleas, delfíns, cachalote,
peixe espada e moitos máis.
Tamén hai pulpo, chopo, nécoras,
langostas e centolas.
Como me gustan todas!
O xurel e a faneca
tamén debes comer
porque están requetebén.
Todo o do mar debes probar
con coidado de non pasar
os límites legais.
E no verán a nadar
e disfrutar do mar.
E non te esquezas de pescar.

PATRICIA - 6º A



NEREA - 5º B

Un día fun pescar,
encontrei un calamar.
Tirei e tirei
e casi volquei.
Moito me mollei
e esa noite un catarro levei.
Ese calamar non pesquei
e ao día seguinte volvín e o intentei.

ALICIA - 5º A



## O VELEIRO

Un veleiro surcaba o mar,
as ondas pegaban na quilla
e as velas enchidas de vento
navegando cara ás praias do leste.

ANDRÉS - 5º A





SANTI - 5º B

# «COIDA DA TERRA»

FUNDACION CAIXAGALICIA

***As nenas e nenas de 2º participaron nunha actividade organizada pola Fundación Caixa Galicia dentro do Programa «Coida a Terra».***




***Os «científicos tolos», lembráronnos de foma divertida a importancia da auga para a vida na terra e as consecuencias que ten estragala: vimos como unha pequena pinga dunha billa en mal estado acaba perdendo moitísimos litros ao cabo dun día.***

***Tamén nos explicaron as nefastas consecuencias dos incendios forestais e vimos como as raíces das árbores e das plantas reteñen a terra e a auga e frean a desertización.***

***Aprendemos moitas cousas que podemos facer [redacted] propio Medio Ambiente.***

Hoxe viñeron a o colexio uns científicos moi divertidos nos enseñaron o importante que e a auga para todos nos, fixeron esperimentos, fixeron unha cidade non unha cidade de verdade se no representada, a terra eran garbanzos, a auga subterranea era un globo cheo de auga, e con un papel e tixeiras recortamos unhas casas e as puxemos na cidade. O que mais me gustou foi cando a científica se presentou a outro facialle burla e pasino moi ben,

María Rey

**MARÍA - 2º**

[redacted]




**CRISTINA - 2º**




**NEREA - 2º**

Ciencia divertida

O que mais me gustou foi cando abriron a billa e caian as pingas de auga e tamén cando a chica se estabá presentando e o chico facendo burla dela.

Estaba moi bonito e gustoume moito.

A billa abrirona para mirar as gotas que caian e tamén para mirar cantos litros de auga caian nunha hora.

Eso fixerono para que nos non o fagamos.

**ANDREA R. - 2º**





# PARA SER BOS CONSUMIDORES

***O alumnado de 1º e 2º foi á Escola Galega de Consumo e participou en dous obradoiros:***
***- Xoguetes.- Para coñecer como debe ser o etiquetado e as normas de seguridade dos xogos e xoguetes.***
***- Linguaxe Publicitaria.- Para entendela e analizar criticamente os valores transmitidos pola publicidade.***

ESCOLA GALEGA DE CONSUMO

## A EXCURSIÓN A SANTIAGO.

Fomos á Escola Galega de Consúmo a dous obradoiros. O da linguaxe que trataba da publicidade e o de xoguetes.
Esta excursión foi perfecta.
Fixemos un montón de cousas: unha cometa e un anuncio, e o mellor de todo é que no autobús puxeron a tele.
Estivemos falando dos anuncios e nunha pantalla grande vimos anuncios.
Logo nos repartimos en grupos.
Cada grupo fixemos o debuxo do inventado por nós, escribimos a marca, o prezo e máis cousas.
Un grupo fixemos un anuncio dun mando teletransportador de cousas moi bonito, pero non sae na tele, ten moitas cores. A marca AZUL.
Outro anunciabamos un robot de «Remete».
Todos fixemos un xoguete reutilizando restos, unha cometa.
1º pintamos un tubo de cartón – rollo do cartón do baño, un tubo de papel hixiénico.
2º pegámoslle uns papeliños, tiras de cores (pinocho, seda, revista, ...)
3º puxémoslle un fío de la.
Foi moi divertido xogar con ela.
Dixéronnos que nós podemos inventar e facer xoguetes.
Pasámolo moi ben, foi moi bonito e divertido.

**NENAS e NENOS DE 2º**

**CRISTINA - 2º**









Equipo de Medio Ambiente

# OS INCENDIOS FORESTAIS

***A loita contra o lume foi unha prioridade da convocatoria Voz Natura deste ano. Xunto coa Consellería do Medio Rural organizaron charlas sobre a prevención e extinción do lume, un tema sobre o que a comunidade educativa está especialmente sensibilizada tras a situación vivida o pasado verán.***
***O obxectivo final foi reducir o número de incendios a través da concienciación dos escolares sobre as consecuencias catastróficas que teñen os incendios.***

Voz Natura
Terri

## QUEREMOS VER TODO VERDE!

Hoxe, 26 de xaneiro, veu ao colexio un bombeiro chamado Ismael.
Explicounos algo sobre os incendios:
- Os incendios forestais.
- Os incendios provocados (case todos).
- Os elementos que hai para que se provoque o incendio: osíxeno, calor, combustibles.

Explicounos algo sobre algúns incendios que el apagara (cos seus compañeiros).
Tamén nos ensinou unha pala coa que se podía apagar o lume.
Logo ensinounos como iban vestidos:
- o seu traxe
- a mascarilla
- o casco.

Ao final vimos un vídeo dun incendio. Ah! Tamén falamos algo sobre os helicópteros que levaban a auga. A min gustoume moitísimo.

**ARIADNA - 6º A**




Este verán, a metade dos incendios que houbo foron en Galicia.

**JUAN - 6º B**





Contounos que se vemos lume non nos acheguemos a el e chamemos ao 085 porque é o teléfono directo para avisar aos bombeiros.
...os camións poden levar 2.400 l. de auga, os hidroavións 6.000 l. e o helicóptero 1.500 l. de auga.
Tamén nos dixo que sempre que vexamos lume escapemos para abaixo porque o lume sube.

**MANUEL I. - 6º A**





# «A TIXOSA DE PALMEIRA TIVO TOXOS»

***Como xa sabedes, a Tixosa, que da nome á nosa revista é un illote que se atopa preto do porto de Palmeira. Dado que é pouca a información que existe sobre a orixe deste nome, puxémonos en contacto con Fernando Cabeza Quiles que foi mestre neste colexio e que é tamén escritor e filólogo, autor de varias novelas e experto investigador no eido da toponimia galega para que investigara sobre este topónimo. Unha vez descuberto o segredo, enviounos o seguinte escrito que tamén publicou no suplemento Barbantia de La Voz de Galicia do 26 de xaneiro.***




***Entre as súas obras:***
***- Os nomes de lugar***
***- Os nomes da terra: topónimos galegos***



A VOZ DA TERRA

TOPONIMIA

## A tixosa de Palmeira tivo toxos

**Fernando Cabeza Quiles**

■ Malia a actual fasquía pedrosa do illote palmeirán chamado Tixosa, esta fermosa pedra mariña, rodeada de barquiños xeitosos, antano estivo cuberta de toxos. Así, nun documento do ano 1105 outro emprazamento de nome Tixosa do municipio ourensán da Bola aparece como «Togiosa», que quere dicir lugar abondoso en toxo. Presenza vexetal que tamén hai que supoñerlle ao Tixosa palmeirán.

Do primixenio «Togiosa» pasouse, no percorrer dos tempos, a Toxosa e, por fin, a Tixosa. O peche de Togiosa a Tixosa, aínda que extremo, dáse en galego, e é o mesmo que se produciu, por exemplo, dende o latín foliola ao actual «filloa». No colexio de Palmeira publican unha coidada revista chamada *Tixosa*, que recolle este sobranceiro e sonoro topónimo.



# O SAPO ENCANTADO



*TRES GLOBOS, TITERES*

***A reporteira mais dicharacheira do pais dos contos, entrevista á Meiga Maleira que hai moito tempo, convertiu ao príncipe Croberto nun sapo porque non quería casar con ela. A reporteira descubre que o único xeito de que ese sapo volva a ser príncipe é que unha princesa casadeira lle bique, e tratará de buscar algunha princesa para desfacer o meigallo. Pero ...***









***Con esta obra quixemos celebrar***

## O DÍA DA PAZ




SERGIO - 5 anos



ALEXIS - 5 anos




JULIO - 5 anos




PAULA - 3º



# A NENA INVISIBLE



***Con motivo do Día da Paz, que se celebra o 30 de xaneiro, o Equipo de Biblioteca publicou unha adaptación do conto «A nena invisible». Entregouse un exemplar a cada neno e nena para ler e traballar nas aulas.***

*LA NIÑA INVISIBLE*
*García Sánchez, J. L. y Pacheco, M. A.*




VANESSA - 4 anos




ALEXIS - 5 anos




SARA - 5 anos




INÉS - 4 anos



TOÑO - 4 anos

# XOGAMOS COOPERANDO



IVÁN - 4 anos

VANESSA - 4 anos



LORENA - 4 anos



NOME - 4 anos



OS MÚSICOS
SALVAR A TRIPULACIÓN
O PARACAÍDAS
...



JONATHAN - 4 anos







# O CONCERTO DA PAZ

***Na clase de música os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º prepararon uns temas musicais que nos ofreceron para celebrar o Día da Paz.***



*FUNGA ALAFIA*

***«Funga alafia ashe ashe.
Funga alafia ashe ashe.»
Esta é unha canción africana que significa: «Bos días. Cos meus ollos saúdoo. Coas miñas mans saúdoo. Co meu corazón saúdoo.»***

*KAZE NEZA*

*(canción africana)*

***Kaze neza mugo rewadata
Kaze neza mugo rewadata
Kaze neza mugo bowamama
Kaze neza mugo bowamama***





*ROMANCE DE BERNALDINO E SABELIÑA*

*(Canción tradicional)*

***Polo mundo me vou, madre,
polo mundo a camiñar(e)
en busca de Bernaldino
que no o podo atopar(e).
E se foi de terra en terra...***



*SAMBA LELE*
*(Canción popular brasileira)*

***Samba Lelê está doente
Está com a cabeça quebrada
Samba Lelê precisava
De umas dezoito lambadas
Samba , samba, Samba ô Lelê
Pisa na barra da saia ô Lalá (BIS)
Ó Morena bonita...***



***O concerto gustounos moitísimo.***

MARTINA - 5 anos



MATEO - 5 anos



# UNHA MARISCADORA NO COLEXIO

***O día 8 de febreiro veu ao colexio Ángeles Betanzos, que é a nai de Nerea e como é mariscadora, contounos como é o seu traballo. Ademáis de ensinarnos moitísimas cousas, transmitiunos a súa paixón polo mar. Pasámolo moi ben con ela e quedamos encantados. Queremos agradecerlle dende estas páxinas a súa colaboración.***

Hoxe, 08/02/07, veu unha mariscadora ao colexio de Palmeira chamada Ángeles. Ao principio explicounos como se usan cada un dos seus utensilios e como era o seu traxe e guantes.

Tamén nos ensinou varias clases de marisco como: berberechos, japónicas, finas, babosas… e explicounos precaucións que debemos tomar e que cousas debemos facer.

Logo veu o turno das preguntas, a verdade tiñamos moitas, e ao final agasallámoslle cunha canción titulada: «María Manuela» e a un dos berberechos bravos que trouxo, gustoulle tanto a canción, que sacou a súa enorme lingua de cor laranxa e pegou unha voltereta.

Foi un día xenial, e quería dar as grazas á directora e a tódolos profesores presentes, e sobre todo a Angeles, por querer aguantarnos este día con moita paciencia.

**MELISA - 6º B**









**ELISA - 6º B**








Nós, como agradecemento cantámoslle unha canción que se titulaba «María Manuela» e o máis sorprendente foi que cando nós cantabamos un berberecho púxose a bailar coa lingua. Foi alucinante.

**PABLO - 6º B**

*María Manuela foi mariscar.*
*O mar mariñeiro*
*quíxoa namorar.*
*De algas mimosas*
*fíxolle un mantelo*
*de escuma miúda,*
*medias de modelo.*
*Namorar, namoreime*
*heime namorar*
*do mar que me bica*
*no pé e na man.*
*Muá-muá-muá.*

**Rimas con letra**
***Gloria Sánchez***



A mariscadora ensinounos o marisco que ela collía, foi na biblioteca.
A mariscadora falounos do seu oficio.
Trouxo para ensinarnos: unhas ameixas, uns berberechos, un traxe e un flotador cunha rede, un rastro... e fixemos moitas preguntas, e contestounos a todos.
Falounos da familia dos berberechos.
O que máis me gustou foi cando puiden ver a boca do berberecho bravo, estaba aberta.
Unha foi cal fora o accidente máis grave que lle pasara e dixo que a unha compañeira súa lle rompera o nocelo.
Ela é mariscadora a pé, van mariscar os días que a marea está baixa pola mañá.
Foi interesante e divertido, era moi importante.
A mariscadora que explicaba chámase Ángeles. Ensinounos moito e pasámolo moi ben.

**NENAS e NENOS DE 2º**


**MARÍA R. - 2º**


**IVÁN - 2º**


**CRISTINA - 2º**




**IRENE - 2º**


**MARTA - 2º**


**MARÍA A. - 2º**


**JULIA - 2º**

NORMALIZACIÓN G CEIP de Palmeira

# NO ANTROIDO...
## RECOLLEMOS CANTIGAS,




JULIA - 2º




RUBÉN - 2º




LETI - 2º



MARÍA R. - 2º

*Febreiriño corto*
*cos teus días vinteoito.*
*Se duras máis catro*
*non queda can nin gato,*
*nin rato no burato,*
*nin ovella rabela,*
*nin pastor para ir con ela,*
*nin cornos no carneiro*
*nin orellas ao pregueiro.*




SANDRA - 2º



IRENE - 2º




CRIS - 2º




ÁNGEL - 2º

*Eu no entroido teño medo*
*de ese feo cigarrón.*
*Vai choutando polas rúas,*
*as súas chocas fan tolón.*

*A Pobra e máis Ribeira*
*xogaban ao carnaval.*
*Sendo lugares veciños*
*é cousa moi natural.*

*Logo chegou onda min.*
*Xa non podía tardar.*
*Que este ano o entroido*
*trae moito que contar.*



NEREA - 2º

*Adeus martes de entroido,*
*adeus meu amiguiño.*
*Ata o domingo de pascua,*
*non comerei maís touciño.*

# DISFRAZÁMONOS...


LORENA - 4 anos



MANUEL - 5 anos


PABLO - 5 anos


JONATHAN - 4 anos


ALBA - 5 anos


YANIRA - 5 anos



JULIO - 5 anos


TOÑO - 4 anos




















# ...E PASÁMOLO XENIAL!

# O ACUARIO

***O Equipo de Medio Ambiente montou na entrada do cole un acuario de auga salgada onde puxemos especies que trouxemos da praia: camaróns, cangrexos, anémonas, estrelas, pateiros, muxos, ameixas, mexilóns, berberechos... Tamén tivemos crías de rodaballo e linguado que trouxemos da piscifactoría de Couso.***



ATHAIS - 5 anos





MARTINA - 5 anos



PABLO - 5 anos







IRIA - 5 anos



DELIA - 5 anos







MARTINA - 5 anos





# VISITA Á FÁBRICA DE CONSERVAS LOU

## FABRICA LOU

Esta fábrica, encóntrase ao lado da praia en Castiñeiras. É moi pequena comparada coas outras. Traballan oito horas. É unha fábrica familiar.

Teñen moitas máquinas: a máquina de vapor é moi grande, á máquina de afumado bótanselle labras. Outra máquina é a de enlatar que serve para poñerlles ben as tapas ás latas. A máquina de empaquetar serve para poñerlle o lote e a data de caducidade (a todos os productos póñenlles 5 anos de caducidade) na lata.

Utilizan moitas materias primas de moitos lugares: Irlanda e do Barbanza. Por exemplo algas ó natural, caviar, ourizos, navallas...

Os productos esterilízanse, despois o limpan moi poucas persoas, e consérvanse.

Non se venden en supermercados, senón en tendas de «delicatessen».

Ao final déronnos «algas ao natural» para cada un.

**RODRIGO - 4º**

**TRABALLADORAS LIMPANDO NAVALLAS XA SEN CUNCHA**



O que máis me sorprendeu foi que so había dez empregados na fábrica, que era pequena. Foi moi interesante!

**IRIA - 6º A**





**JUAN - 6º A**









ENTe CEIP de Palmeira

# INTERNET/INTRANET

## http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira




70



http://centros.edu.xunta.es - .: Rato Paco :. - Microsoft Internet Explorer
Rato Paco
CEIP de Palmeira
.:: Cadernos de traballo na casa do Rato Paco::.
Cadernos
Actividades
O Rato Paco
Para profes
Os cadernos están agrupados segundo a súa temática preme naquel tema que queiras traballar.
CORPO HUMANO
ANIMAIS E PRANTAS
A TERRA
INGLÉS
E. FÍSICA
MÚSICA
Pulsa sobre min para entrar na Aula Virtual
Aula Virtual
NOTA: A maior parte das fotografías empregadas nestes cadernos foron sacadas de www.wikipedia.org baixo licencia GNU
As fotografías, audio, debuxos, e videos dos contos do Rato Paco son de propia elaboración do profesorado deste centro.
Para os máis peques tamén hai...
Os contos do Rato Paco
IMPORTANTE: Rato Paco emprega tecnol
profe que instale o plugin de Java da páx
O esqueleto
AMPLIACIÓN 1
AMPLIACIÓN 2
Os deportes
DEPORTES
AMPLIACIÓN
AUDICIÓNS
VENTO
CORDA
TECLADOS
Os contos do Rato Paco
CEIP de Palmeira
LO
LI
LA
LOBO
Rato Paco
Intranet educativa
.:: Casa do Rato Paco: 3º CICLO ::.
Fraccións
Frutos
Lengua
Lingua
Matemáticas
Medir
O mar
Operacións
Plantas
Porcentaxes
Superficie
Selva
Tiburones
Transversais
Tres puntos
Volcanes
Volumen
Xeometría

# PEIXES E MÁIS PEIXES

***Dentro dos proxectos Voz Natura e Plan Valora Medio Mariño «A MAR DE VIDA» contemplábase o estudo dos peixes. Cada aula fixo un traballo de investigación sobre unha especie, e despois plasmáronse os traballos en diversos formatos.***













## O BONITO






ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS - A

## A RAIA







ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS - B

## O OLLOMOL




ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL 4 ANOS - A

## O PEIXE SAPO






## O POLBO

ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL 4 ANOS - B




ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL 5 ANOS

## O RODABALLO






















ALUMNADO DE 1º

## A MARAGOTA
















ALUMNADO DE 2º

## O XURELO













ALUMNADO DE 3º

74

## A SARDIÑA




ALUMNADO DE 4º

## O MEXILÓN




ALUMNADO DE 5º A

## O PERCEBE




ALUMNADO DE 5º B

## O LINGUADO




ALUMNADO DE 6º A

## O CONGRO




ALUMNADO DE 6º B

# TRABALLOS DE ANTES, TRABALLOS DE SEMPRE

***Para o 8 de marzo, Día da Muller fixemos unha investigación sobre o traballo que realizaban as nosas avoas.***






MINISTERIO DE TRABAJO
INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA
MONTEPÍO MARÍTIMO NACIONAL

TITULO DE BENEFICIARIO N.º 2.751

D. Carmen Reiriz López

a quien el Montepío Marítimo Nacional reconoce el derecho al percibo de la pensión anual de 5.966,44 ptas., por Régimen General de Viudedad de acuerdo con las disposiciones reglamentarias aplicables.

Madrid, 26 de Julio de 1961

El Interesado, El Director,

Carmen foi xornaleira e despois cociñeira.

**NOME**



María era agricultora. Traballou dende os doce aos setenta e nove anos. O seu traballo consistía en dar de comer aos porcos, cultivar a terra, prantar patacas, millo...

**SARA - 4º**










Fina foi profesora en Ribeira entre os anos 1967 e 2006. Ensinaba a nenos e nenas de 5 e 6 anos.

**MANUEL - 3º**





Juanita era serradora. Traballou na Pobra entre 1942 e 1970. O seu traballo consistía en cortar pinos.

**IRIA - 5 anos**



Juana era costureira. O seu traballo consistía en ir de casa en casa coa máquina de coser para poder facer o arranxo das prendas, dende calzóns ata camisas ou pixamas (antes arranxábanse todas as pezas de roupa).

**RAÚL - 3 anos**

# O TRABALLO DAS NOSAS AVOAS



Teresa traballou na conserva entre os anos 1944 e 1988. O seu traballo consistía en limpar o peixe e o marisco e enlatalo.

**PABLO - 5 anos**







Ángela era bordadora e costureira. Traballaba en en Martín - Castiñeiras. Empezou a traballar no ano 1953. O seu traballo consistía en coser e bordar arreglando e modificando roupa e facendo roupa nova.

**MÁXIMO - 3 anos**

# FOMOS A SANTIAGO






***Durante o mes de marzo o alumnado de E. Infantil de 4 e 5 anos e todo o alumnado de Primaria visitou a Biblioteca da Fundación Caixa Galicia en Santiago.***

***Alí aprenderon o funcionamento dunha Biblioteca distinta á do colexio, e participaron en actividades de animación á lectura; os máis pequenos divirtíronse e aprenderon cun contacontos mentres que os maiores participaron en xogos de buscas bibliográficas.***

biblioteca
FUNDACION CAIXAGALICIA

Cando chegamos á biblioteca contáronnos contos.O que máis me gustou foi un de cores. Titulábase «Pequeno azul e pequeno amarelo». Ía dunhas cores que un día se mesturaron.

**CARME - 4º**

***Despois os nenos e nenas de 1º e 2º foron á Sede da Fundación Caixa Galicia onde visitaron a exposición «A fotografía na Colección do IVAM» e participaron nun obradoiro no que, con moita imaxinación, construíron unha fotomontaxe.***



Fomos de excursión a Santiago os de 1º e 2º para visitar a Biblioteca Infantil da Fundación Caixa Galicia, unha biblioteca moi bonita.
Beatriz leunos dous libros: un dun neno e outro dun osiño. Despois nos deron tempo para ler un conto cada un. Tamén nos ensinou unha exposición de cadros sobre o mar, algúns eran divertidos e outros de cousas malas que ocorren no mar. Eran todos moi bonitos. E logo vimos carteis de Golfiño.
Regaláronnos unha mochila con libros e catálogos.
Por último fomos a unha exposición de fotografías con montaxes: a muller pincel, a árbore das culleres, ... unha deles daba grima pois estaba rillando o dedo e había pingas de sangue e pel, ...e sen montaxes: un señor, a Torre Eiffel. Falamos sobre elas: de onde eran, que nos dicían, ...
Polo camiño vimos o río Ulla.

**NENAS E NENOS DE 2º**



***O resto do alumnado visitou o Museo de Historia Natural «Luis Iglesias» da Facultade de Químicas.***



Había uns monos. Un chamábase Titíe, outro Capuchino. O que máis me molou foi o pez enrugado. Parecía un acordeón.

**SARA - 4º**

Tamén había cousas moi curiosas: un feto de vaca con dúas cabezas

**ISABEL - 4º**

E algún animal estaba alí dende 1800!

**RODRI - 4º**



Vimos moitos animais disecados, incluído o ser humano. Impresionoume a momia humana. Había unha serpe que non se quedaba curta: parecía que se movía. Daba arrepíos!

**JOSÉ - 4º**

A tartaruga era enorme. Parecía que estaba pintada. Ao león, se lle mirabas aos ollos, dábache medo. Parecía que estaba vivo.

**JOSÉ MANUEL - 4º**







**NAILA - 4 anos**

Pasámolo moooooooooooi ben!

**ANABEL - 4º**

***Aos maiores tocoulles despois investigar sobre os animais que viron.***





**ALEJANDRA - 4 anos**



## O GUEPARDO

**ANDRÉS - 6º A**



## O CANGURO ARBORÍCORA DE LUMHOLTZ



**RUBÉN - 6º A**

## A PITA DO MONTE



**IRIA - 6º A**

# DÍA DA ÁRBORE



23rd Day Tree's day

- We went to San Roque Park to celebrate this day



- We planted a tree.



- and seeds in the greenhouse

We ate a cake and drank a coke



we went to the centre of Archaeological Interpretation and we watched a film.



Information panels gave us a neat idea of the passing time

We played games in a calm and natural place amongst replicas of pallozas, dolmens, petroglyphs and other archaeological traces.

We enjoyed it very much!!!

ALUMNADO DE 4º

80

XERAIS

# ENCONTRO CON AGUSTIN AGRA




***No Clube de Lectura da Biblioteca, o alumnado de 5º e 6º leu o libro de Agustín Agra «O tesouro da lagoa de Reid'Is», premio Merlín de Literatura Infantil 2006. Despois, por cortesía de Edicións Xerais de Galicia, o autor visitounos e contounos moitas cousas moi interesantes.***

Durante este curso todos os luns estivemos lendo na biblioteca o libro «O tesouro da lagoa de Reid'Is», un libro de Agustín Agra moi interesante que trata dunha cidade asolagada nunha lagoa por un mago porque a princesa non quixera casar con el e entón enterrou a cidade na auga pero todos morreron menos a princesa que era unha serea.

O xoves, 29 de marzo veu Agustín Agra. Falamos sobre o seu conto, fixémoslle preguntas e firmounos os libros.

**LARA - 5º B**





**ANDREA - 6º A**




**IRIA - 6º A**

C.E.I.P. PALMEIRA
BIBLIOTECA



**RUBÉN - 6º A**



**MELISA - 6º B**




**MAITE - 6º B**

# CONTACONTOS

***Edicións Xerais de Galicia do Grupo Anaya, trouxo ao colexio ao contacontos Iago López que lles contou aos nenos e nenas de Educación Infantil un conto moi divertido dun verme. Pasáronno xenial.***





# OBRADOIRO DE HABILIDADES SOCIAIS

## APRENDEMOS A SER MELLORES PERSOAS

Este curso, en 6º tivemos unha clase que che axuda a ser mellor persoa e a decidir mellor por ti mesmo. Só houbo cinco clases, a mín gustoume moito e encantaríame que houbese máis clases. Nelas iamos lendo un libro e comentábamos o que nos parecía o que poñía nel. Tamén nos deron unhas fichas para cando teñamos algunha dúbida, a consultemos nelas.

E o máis importante, aprendemos o que é ser unha persoa asertiva e a selo. A profe deixoume un libro que se chama «O libro dos valores» onde aparecían valores coma a amizade, paciencia… Nel explicábache o que significa a palabra, unha explicación para os pais, e tamén había un conto para que o entendamos nós.

E recordade: decidide por vós mesmos, e sabede que os vosos dereitos acaban onde comezan os dos demais.

Sede persoas asertivas!!!

**IRIA - 6º A**

**MAITE - 6º A**





# OBRADOIRO DE TRAZABILIDADE

Hoxe fixemos un obradoiro de trazabilidade. A monitora chámase Ana e explicounos que a trazabilidade é unha liña imaxinaria que sigue ao alimento, neste caso o peixe, dende que o pescan ata que o temos no prato. Vimos unha presentación en ordenador do que é a trazabilidade, fixemos uns xogos no papel, o primeiro era moi, moi fácil e os demais xa non tanto. Logo fomos ata a parte de atrás e fixemos un xogo no que nós eramos pescadores, traballadores de lonxa, empresarios... saleunos un pouquichiño mal pero non importa, xa o faremos ben cando sexamos maiores e traballemos diso. O proceso de trazabilidade do peixe é o seguinte:

1º Péscase o peixe
2º Vai ata a lonxa
3º Cómprano os intermediarios
4º Comprámolo nós
5º Comémolo.



**BELÉN - 6º A**


















# VISITA DO COLEXIO DE AVION

***O noso proxecto Plan Valora - Medio Mariño «A mar de vida» recolle o intercambio de experiencias co C.E.I.P. Virxe de Guadalupe do concello de Avión. O pasado día 24 de abril viñeron ao colexio para coñecer o noso traballo no proxecto: carteis, traballos de investigación sobre distintas especies de peixes, acuario, exposición «A mar de vida»... O alumnado de 5º acompañounos na súa visita polo entorno. Pasamos un día estupendo.***

***Para saber máis sobre o Plan Valora:***

***http://www.edu.xunta.es/valora/***




**Equipo de Medio Ambiente**

O pasado martes viñeron ao cole uns nenos de Avión (Ourense). Chegaron sobre as 11:00 e visitaron a nosa exposición «A mar de vida». Logo xogaron un pouco no patio e ás 12:30 marchamos e ensinámoslles o Mirador da Curota e dende alí arriba víase o mar. Fliparon! Logo fomos ao parque de San Roque e máis tarde ao faro e ás Dunas de Corrubedo. Comemos no Vilar de Carreira e tamén se sorprenderon coas olas que alí había. Á tarde fomos á praia da Corna e ao porto de Palmeira. Sobre as 5:30 marcharon. Eu creo que se foron contentos e o que máis lles gustou seguro que foi o mar, a praia e a area porque todos andaban a gardar cunchas e area nos seus bolsillos.

**CRISTINA - 5º A**

















La Voz de Barbanza

MIÉRCOLES, 25 DE ABRIL DEL 2007

## Todo un mar de vida en Palmeira

**Comprometidos con el medio ambiente** ▪ El Colegio de Palmeira, dirigido por **Marisol Guevara**, recibió la visita de 22 alumnos del centro Virxe de Guadalupe de la localidad ourensana de Avión, acompañados del director, **José Manuel Huete**, y los profesores **Manuel Armada, Rosa María Vázquez, Susana Álvarez** y **Manuel Feijoo**. El fin era conocer su programa de educación medioambiental *A mar de vida*, con el que los ribeirenses participan en el proyecto Voz Natura y en el Plan Valora sobre medio marino de la Consellería de Pesca. Los visitantes fueron recibidos por los alumnos de quinto de Primaria, que les mostraron el colegio, la exposición con los resultados de sus estudios sobre los peces, que fueron publicados en libros muy curiosos, y un acuario de agua salada. Luego les llevaron a ver parajes como el mirador de A Curota, el parque de San Roque y las dunas de Corrubedo, así como el puerto y las playas de Palmeira. Fue para llevarse un buen recuerdo.

Los escolares ourensanos admiraron los trabajos expuestos en el colegio de Palmeira

# MIRO MAGARIÑOS




***Por cortesía da editorial SM, vistounos o actor Miro Magariños que reprtesentou para nós a súa obra «O vendedor de Paxaros»***

O 27 de abril veu Miro Magariños a facer unha obra de teatro que se titulaba «O vendedor de paxaros». Era un actor moi coñecido por «Libro de familia» e por outras outras obras que fai na TV. A obra que representou trataba dun vendedor de paxaros que iba polos pobos para gañar diñeiro e manter á súa familia. Todas as noites cando el está por aí, chámalle a súa filla para que lle conte un conto. Cóntalle contos de princesas, dragóns, ananos, castelos... Ao final fixémoslle preguntas da súa profesión e da obra. Pasámolo Xenial!!!

**ANDREA - 5º B**











A súa representación foi moi divertida. Nela contaba historias de fantasía e maxia, como unha de marionetas dun dragón, unha princesa e un príncipe e outra dun anano. Nesta obra participaron tamén a profesora Remedios e algúns compañeiros. Tamén nos dixo nas outras obras que participou e nas series da televisión galega.

**SARA - 5º B**

# A FAMILIA QUE LE UNIDA...

***Con motivo do Mes do Libro: 2 de abril, Día do Libro Infantil e 23 de abril, Día do Libro, invitamos ás nais e pais dos nenos e nenas a vir á Biblioteca do cole para lerlles contos aos nenos e nenas. Tamén as nenas e nenos leron para eles.***















C.E.I.P. PALMEIRA
BIBLIOTECA





# LENDAS DE VOLCÁNS




ARIADNA e RUBÉN - 6º A




DANIEL, PATRICIA e TATIANA - 6º A

# CANTO HAI QUE VER NO GROVE!

***O pasado día 25 de abril as nenas e nenos de 1º e 2º foron ao Grove para visitar o acuario e o Centro de Interpretación da Natureza de Siradella.***




NENAS E NENOS DE 1º







*As nenas e nenos de Educación Infantil visitaron o acuario o día 26 de abril.*













JULIO - 5 anos



ALBA - 5 anos



DELIA - 5 anos





ALBA - 5 anos



ALEXIS - 5 anos



MARTINA - 5 anos


DANIEL - 4 anos

# CERTAME LITERARIO

***Como xa é habitual dende hai moitos cursos, a Biblioteca convocou o Certame Literario nas modalidades de cómic, conto, debuxo e poesía. Estes son os traballos gañadores:***

## *MODALIDADE CÓMIC*

***Educación Infantil - 4 anos: «O caracol». Diego Souto Couto***
